

## RESOLUCION REITORAL DO 5 DE OUTUBRO DE 2015 POLO QUE SE AXUSTAN OS DÍAS DE ASUNTOS PARTICULARES E OS DÍAS DE VACACIÓNS AO PREVISTO NO REAL DECRETO-LEI 10/2015, DO 11 DE SETEMBRO.

Con data de 12 de setembro de 2015 o Boletín Oficial do Estado publicou o Real Decreto-Lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e estímulo á económica.

O artigo 2 do mencionado decreto refírese á “*Modificación da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público*”, polo cal, citando textualmente:

“Modifícase a Ley 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra k do artigo 48 que queda redactada como sigue:

“Artigo 48. Permisos dos funcionarios públicos.

Os funcionarios públicos terán os seguintes permisos:

k) Por asuntos particulares, seis días ao ano.”

Dous. Engádese unha nova disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional décimo cuarta. Permiso por asuntos particulares por antigüidade.

As Administracións Públicas poderán establecer ata dous días adicionais de permiso por asuntos particulares ao cumprir o sexto trienio, incrementándose, como máximo, nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.”

Tres. Engádese unha nova disposición adicional décimo quinta, coas seguinte redacción:

“Disposición adicional décimo quinta. Días adicionais de vacacións por antigüidade.

Cada Administración Pública poderá establecer ata un máximo de catro días adicionais de vacacións en función do tempo de servizos prestados polos funcionarios públicos.”

Para os efectos de aplicar o disposto no Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro, ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Modificar as instrucións reguladoras destas materias nos seguintes termos:

1.- Durante o ano 2015 o número de días que todas as persoas empregadas na Universidade de Vigo poderán desfrutar por asuntos particulares será de seis, ou a cantidade proporcional cando a vinculación coa Universidade de Vigo non abarque o ano completo.

2.-O persoal da Universidade de Vigo desfrutara de dous días adicionais de permiso por asuntos particulares ao cumprir o sexto trienio, incrementándose nun día adicional ao cumprir o oitavo e sucesivos trienios.

3.-Na Universidade de Vigo, no suposto de ter completado os anos de antigüidade que de seguido se indican na administración pública, terase dereito ao desfrute dos seguintes días de vacacións anuais:

-Quince anos de servizo: vinte tres días hábiles.

-Vinte anos de servizo: vinte catro días hábiles.

-Vinte cinco anos de servizo: vinte cinco días hábiles.

Trinta anos de servizo: vinte seis días hábiles.

4.-O dereito ao desfrute dos días adicionais de vacacións e asuntos particulares reconécerase no mesmo ano en que se acrediten os correspondentes trienios e períodos de antigüidade.

5.- Con carácter excepcional e para os efectos de evitar disfuncións na prestación dos servizos e da docencia, tanto as vacacións como os días de asuntos particulares do ano 2015 poderán gozarse ata o 31 de marzo de 2016.

Vigo, 5 de outubro de 2015

O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



**SECRETARIA XERAL  
VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO  
XERENTE**